

Á atención da Corporación de Chantada

## MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES NO CENTRO DE SAÚDE DE CHANTADA



Os grupos municipais do PSOE e Por Chantada-CUP presentan perante o pleno da corporación de Chantada, de común acordo e ao abeiro do disposto no artigo 97.3 do ROF, a seguinte MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES NO CENTRO DE SAÚDE DE CHANTADA.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente proposición de acordo ao pleno da corporación é a continuación da Moción en defensa da sanidade pública e para un servizo digno e universal no ambulatorio de Chantada presentada no pleno ordinario de xaneiro e aprobada por unanimidade por todos os grupos<sup>1</sup>.

Alén das consideracións políticas que podamos facer os diferentes grupos, interésanos subliñar desde os grupos impulsores desta moción os seguintes datos, que imprimen maior premura a unha fronte común.

#### I.- O contexto



<sup>1</sup> Pode consultarse o texto íntegro aquí <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/01/mocic3b3n-centro-de-sac3bade-de-chantada-aprobada-por-unanimidade-con-enmendas.pdf> e o resumo de *Televinte* aquí: <https://www.facebook.com/televintechantada/videos/10153830324802158/>

Os responsábeis sanitarios reduciron a participación no orzamento sanitario da Xunta dos recursos de atención primaria, pois descendeu en 190,9 millóns de euros, se incluímos o gasto farmacéutico extrahospitalario, e en 33 millóns (sen a farmacia). Así as cousas, pasou de representar 15'7% a 15'6%, cando os acordos do Plano de Mellora cifrábano en 25%.

En termos xerais, o orzamento sanitario público descendeu un 18'3% desde 2009, sendo Galiza onde se produciu o recorte máis severo e sendo a atención primaria a máis prexudicada cunha mingua de 22'3% fronte un 0'2% da hospitalaria. Tamén desde o inicio da crise, perdéronse 1.795 prazas na sanidade pública, 1.154 en atención primaria e 641 en hospitais. Os recortes afectaron a 513 prazas de médicos (392 en atención primaria e 121 en hospitais), a 184 prazas de enfermaría hospitalaria e 1.121 prazas de persoal non sanitario. En 2015 a redución de persoal no SERGAS foi de 30'6% fronte a media estatal de 7'9%.

Isto sen saír da atención primaria, que é a que ten impacto directo en Chantada, e sen analizar o gasto sanitario mediante a privatización de servizos onde o custe o asumen os cidadáns vía impostos e os beneficios son para o sector privado. Así, trasládase os servizos estratéxicos do SERGAS a transnacionais e fondos de inversión cun custo moito maior có que tiñan cando se desenvolvían con fondos propios, por exemplo a adxudicación do servizo de ambulancias por 236 millóns de euros á UTE *Ambulevante*, empresa valenciana relacionada co ex-presidente do País Valencià Carles Fabra.

**Cadro 1: Evolución do gasto sanitario galego na atención primaria no período 2008-2013. Fonte: Consellaría de Facenda, Xunta de Galiza**

GASTO	2008	2013	Diferenza
Atención primaria con farmacia	1376,5 millóns	1.185,5 millóns	-190,9 millóns
Atención Primaria sen farmacia	557 millóns	524 millóns	-33 millóns

**Cadro 2: Evolución da participación no orzamento sanitario da Xunta da atención primaria no período 2008-2013. Fonte: Consellaría de Facenda, Xunta de Galiza**


	2008	2013
Gasto atención primaria sen farmacia	15'70 %	15'60%

Este descenso é unha das consecuencias da supresión das xerencias de atención primaria, absorbidas polas xerencias hospitalarias ao crearse o ente *Xerencias de Xestión Integrada* so principios do novo xerencialismo (*New Public Management*) que teñen irritado a profesionais do sector, pacientes e movementos sociais por igual. Noutras palabras, a capacidade de presión dos xefes de servizos hospitalarios é moi superior á que poden ter os coordinadores de centros de atención primaria que carecen de poder e medios para xestionar os recursos e persoal de centros de saúde dispersos e sen posibilidade de se coordinaren e formalizar unha fronte común para atinxir un reparto máis equitativo que atenda tamén, no caso do rural galego, ao custo e retos que supón a dispersión poboacional e o envellecemento.

De por parte, paralizouse o Plano de Mellora da Atención Primaria que pretendía acabar coa burocratización, a falta de capacidade resolutiva, o illamento e a ausencia de instrumentos para racionalizar a práctica clínica. O abandono deste Plano, por exemplo, supuxo a paralización da construción de 66 novos centros de saúde e de 5 centros de Alta Resolución, a perda de 193 prazas de persoal médico, 385 de enfermaría e noutras categorías profesionais até un total de 915 previstas polo Plano (o que mantén a masificación das cotas en máis de 50%). Igualmente, ficou sen executar 60% do investimento para mellorar do equipamento dos centros de saúde, pese a que moitos deles están moi deteriorados; mantéñense as limitacións de acceso a probas diagnósticas, necesarias para fechar os procesos asistenciais sen necesidade de enviar os pacientes ás consultas hospitalarias; non se adoptaron as medidas acordadas para reducir a carga de traballo burocrático, que ocupa 30% do tempo de consulta; nin se solucionou a descoordinación cos hospitais.

Nin que dicir ten que o abandono e deterioro da atención primaria contribúe para a saturación dos servizos de urxencias hospitalarios, o crecemento das listaxes de espera cirúrxica ou de primeiras consultas en especialistas algo incompatible coa súa función de porta de entrada ao resto do sistema sanitario.

Figura 1 Gasto sanitario público e privado nos países desenvolvidos (OCDE)



Fuente: OCDE 2014

É neste contexto no que se inscriben as continuadas queixas dos usuarios do PAC de Chantada que pola falta de medios e a problemática das ambulancias xa debatida na sesión plenaria ordinaria de xaneiro pon en risco xa non só as correctas prestacións sanitarias dos máis de 8.000 habitantes do concello de Chantada, senón que mesmo se está pondo en risco a saúde e vidas humanas. Isto corrobóranlo diferentes traballadores e especialistas do centro de saúde de Chantada e reclamacións de usuarias e usuarios do mesmo, a última rexistrada o 14 de abril de 2016.

## II.- O centro de saúde de Chantada

Entre outras deficiencias, o centro de saúde de Chantada conta con eivas relacionadas coa pediatría, problemas de instrumental, demora no arranxo de material básico avariado... A maiores están os problemas relacionados coa nova concesión de ambulancias a *Salutrans*, a falta de suficiente persoal nas gardas, a inexistencia de prazas de aparcadoiro con mobilidade reducida nas inmediacións do centro de saúde ou o problema que causou a decisión de eliminar unha das prazas de fisioterapeuta ao moveren a praza de tarde para o concello de Monterroso en quenda de mañá e desde entón desapareceu a posibilidade de rehabilitación en horario de tarde no centro de saúde de

Chantada.

Por certo, extremos todos estes xa sinalados na moción do mes de xaneiro, apresentada desde Por Chantada-CUP e que suscitou unanimidade. No caso das ambulancias, dado que se pon en risco a saúde pública, levouse até a cuestión ao parlamento galego a través da deputada do grupo mixto Consuelo Martínez García.

Como problema engadido, cómpre indicar tamén que, conforme diminúe o número de habitantes, aumenta a dispersión poboacional a que debemos facer fronte.

En Chantada o número de habitantes era en 1992 de 10.184 cunha densidade de poboación de 57,6 habitantes por quilómetro cadrado. No ano 2002 o censo de habitantes reduciuse até 9.695 habitantes cunha densidade de poboación de 53,2 habitantes por quilómetro cadrado.

O índice de dispersión aínda se agrava se temos en conta que máis da metade dos actuais 8.493 habitantes (INE, 2015) se concentra na vila ficando no rural unha poboación moi envellecida e dispersa que precisa de atención sanitaria continuada. Por outras palabras, perdéndose máis de 1.000 habitantes en pouco máis dunha década e en 2015 a medida de idade sitúase en 50 anos e os menores de 15 anos só representan 872 persoas (10'27%) fronte aos maiores de 65 que son 2.632 (30'99%).

No tocante a Carballedo conta con 2.401 habitantes (IGE, 2014), tendo en 2005 3.010 polo que perdeu mil habitantes en menos de dez anos. En 2014, os menores de 15 anos representaban 5'46% (131 persoas) e os maiores de 65 anos 962 persoas (40.07%).

#### DISTRIBUCION XEOGRAFICA

<b>CHANTADA</b>	<b>36</b> <b>Parroquias</b>	<b>8.971</b> <b>Tarxetas</b> <b>Sanitarias</b>	<b>Belesar 0.32 / San Fiz 3.70</b>
<b>CARBALLEDO</b>	<b>24</b> <b>Parroquias</b>	<b>2.680</b> <b>Tarxetas</b> <b>Sanitarias</b>	<b>Aguada 12.72 / Erbedeiro 0.60</b>

Do anterior despréndese o seguinte:

a.- O PAC (Punto de Atención Continuada) de Chantada ten como zona de influencia os concellos de Chantada e Carballedo.

b.- Aos puntos máis afastados destes dous concellos tárdase en chegar 60-90 minutos entre a saída do centro de saúde e a chegada.

c.- Que nos dous concellos a poboación maior de 65 anos representa sobre o 40% do total e se lle unimos a faixa etaria de maiores de 45 anos (barreira a partir da cal as consultas no PAC son máis frecuentes) representan moito máis de metade da poboación e os colectivos máis susceptíbeis de atención no fogar.

d.- Altos índices de dispersión.

Ao que debemos sumar a inexistencia de prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida e uns bordos na beirarrúa que actúan como barreiras arquitectónicas nas inmediacións dun centro de saúde cuxos principais usuarios teñen problemas de mobilidade. Igualmente, a decisión de eliminar unha das prazas de fisioterapia, a praza da tarde, movéndoa para o concello de Monterroso,

co aumento desproporcionado da lista de espera, que xa se indicou no pasado mes de xaneiro.

**Unha situación tan grave esixe unha fronte común e a adopción de medidas urxentes tamén desde a administración local, entendendo que non se fixo tampouco o necesario para cumprir co acordado en xaneiro.**

En consecuencia propomos a adopción polo pleno de Chantada do seguinte **acordo**:

**1.- Facer unha declaración institucional en defensa da sanidade pública e dun servizo digno e universal en todos os niveis da sanidade pública para aprobar no pleno de xullo e procurando a unanimidade de todos os grupos. O concello de Chantada condena os recortes en sanidade e educación. Dita declaración recollerá medidas a solicitar en persoa polo alcalde de Chantada nas correspondentes consellarías.**

**2.- Trasladar á Consellaría de Sanidade e á Presidencia da Xunta de Galiza este acordo plenario, xunto co do mes de xaneiro, nomeadamente as seguintes demandas:**

**a.- Dotar ao PAC de Chantada de unha equipa suficiente de persoal sanitario para as gardas, -dúas equipas de medica/o e enfermeira/o- para poder cumprir as isócronas que marca a lexislación.**

**b.- Tampouco é suficiente unha única ambulancia para un servizo de emerxencia que vai desde Chantada até os Peares (con isócronas de 1'5 horas co mínimo de 10 minutos de atención in situ), contra toda lóxica e racionalidade ao estar o centro de saúde de Coles a 15 minutos.**

**3.- En caso de que a consellaría non ofrezca solucións inmediatas e tanxíbeis, no prazo de 2 meses desde a adopción deste acordo, asinar un convenio entre o concello e un terceiro para paliar as deficiencias no servizo de ambulancias.**

**4.- Crear dúas prazas de aparcadoiro, cumprindo as normativas pertinentes, para persoas con mobilidade reducida na contorna do centro de saúde no prazo de dous meses a partir da adopción deste acordo plenario.**

**5.- Suprimir as barreiras arquitectónicas que supoñen os bordos das beirarrúas do centro de saúde para mellorar a accesibilidade dos doentes antes do 30 de setembro de 2016.**